

Teresa Villaverde Couto

Cando os cívicos sacaron o pai da casa, Teresa botou a correr polo medio do monte e chegou ao cuartel do Campo da Feira antes que o camión. Levaran a Manuel Villaverde porque o confundiran con outro veciño de Mourente, José Villaverde Cendón.

Segundo conta o historiador Xosé Álvarez Castro no libro *Mourente nos anos do medo*, José foi acusado pola súa pertenza ao Partido Comunista. Ocupaba o cargo de secretario sindical do radio do partido en Pontevedra pero cando posteriormente foi detido só recoñeceu estar afiliado á Casa do Pobo, na sección de canteiros da que fora vicepresidente, e no seu descargo dixo que axudara o seu pai a expulsar da casa o home da súa irmá Isolina, Aurelio Torres Lorenzo, tamén canteiro da UXT que fora paseado polos golpistas o 23 de agosto en Carabelos. E engadiu que así o podía certificar Ignacio Triñanes, o cura de infame sona na parroquia pola súa participación nos paseos.

O caso é que antes de producirse a súa detención, confundiron a José con Manuel Villaverde, e foi a el a quen levaron, diante da súa filla, de Isabel, -a muller coa que casara logo de enviudar de Anuncia Couto, a nai de Teresa-, e de unha veciña.

“O irmán da señora Isolina vivía aquí ao lado da nosa casa, pero logo a venderon. Xa non vivían alá e un día, foi polo tempo da ghera, viñeron aquí..., -chamábanlle



os cívicos, dicía mamá-, a polo abuelo. O abuelo chamábase Manuel Villaverde, e aínda eran primos, el e José. Eran da familia, segundos primos debían ser, e entón levárono ao abuelo, confundido. Mamá levou un susto que meteu medo. Era de día cando viñeron. Viñeron, collérono no coche e levárono. Antes o cuartel estaba na praza de Barcelos e ela marchou a correr polo monte abaixo, por eses matos abaixo e chegou ao cuartel antes de que chegasen co coche. Mamá era filla única e levou un susto de muerte. Total fixéronlle preguntas e tal, e non era o abuelo o que buscaban, era o señor José. Ese mesmo día que o colleron, soltárono”. [Clara Castro, filla de Teresa Villaverde.]

Deixárono libre pero antes, Teresa pasou un bo susto:

“Chegou ao cuartel mamá... segundo contaba, chegou alí, aínda non chegaran con el e dilles:

-Pois viñeron buscalo a casa! E non fixo nada!

E despois xa foi cando lle dixeron o nome de José, que tampouco tiña feito nada, pero...” [Clara Castro, filla de Teresa Villaverde.]

O seu pai quedou libre pero Teresa aínda tivo que pasar pola angustia de non saber se o seu mozo sobreviviría á guerra que tivo que facer nun bando que non se correspondía coas súas ideas.

“No 36, cando foi da guerra, o meu pai e o finado do meu tío Aurelio foron á guerra polo bando de Franco. Tiveron que ir sen ser desas ideas. Eran neutrais, máis ben coas ideas de Franco non ían moito, pero tiveron que ir á mili”. [Clara Castro, filla de Teresa Villaverde.]

Manuel Castro Araújo debía ter 21 anos daquela e o seu irmán maior, Aurelio, 22. Ambos sobreviviron pero o home de Teresa foi ferido:

“A papá ferírono e quedoulle a metralla moi preto da sien. Daquela, a finada de mamá e a finada da tía Pura, que daquela Aurelio andaba coa tía Pura, foron en tren visitar a papá. Non lle puideron quitar a metralla porque tiñan medo de aquelar a sien, que era un sitio delicado, e como non lle daba problemas quedou así, pero moito despois, pouco antes de morrer, papá soltou toda a metralla pola boca. Empezaron a saírle unhas cousas pola boca e era a metralla... Pasaran case trinta anos”. [Clara Castro, filla de Teresa Villaverde.]

Tanto Manuel como Aurelio e Pura Fortes, Pura *a de Román*, traballaran na obra de teatro *O Fidalgo*, que a compañía Teatro Campesiño da *Juventud* de Mourente puxera en escena o 28 de xuño e o 5 de xullo de 1936 no local da Sociedade de Agricultores, incendiado polos golpistas o 10 de agosto. A peza representaba a loita do pobo contra o caciquismo e parte do elenco foi logo do golpe vítima da represión.

A súa filla escoitou algunhas das historias que pasaran, cando na casa crían que era demasiado pequena para entendelas. Pero entendeu suficiente para sentir rexeitamento por aquelas ideas.



“Había aí un de Bora que era de dar leña, dábache unhas hostias e quedabas con elas, ou pedía cartos, extorsionaba, andaban el e outro que era barbeiro... Na casa comentábano e eu era unha rapaza, parece que os rapaces non fan caso de nada pero fan caso de todo. Ían os cívicos e os falanxistas e os falanxistas aínda estaban cando estudei eu. A *Falange* estaba na calle Michelena, onde está agora o concello novo. *Falange tradicionalista de las Jons*, chamábanlle cando eu estudaba. Ían os rapaces coas mochilas e unhas compañeiras que estudaban comigo me querían meter pero eu non quixen, non me chamaba e ao meu pai non lle gustaba moito tampouco que fose”. [Clara Castro, filla de Teresa Villaverde.]